



## ADOPTAR É UN ACTO SOLIDARIO, XENEROSO E DESINTERESADO, QUE PERMITIRÁ

### Mellorar a vida do animal adoptado

As persoas propietarias dos cans adoptados poden proporcionar as atencións e coidados personalizados que un refuxio ou centro de acollida non pode asumir debido ao elevado número de animais que son recollidos diariamente

### Aumentar a calidade de vida do resto dos animais abandonados

A adopción dun can posibilita que o resto de animais do refuxio teñan máis espazo e poidan recibir mellores atencións. A taxa de adopción determina a sustentabilidade dos refuxios e centros de acollida

### Reducir a taxa de animais abandonados

As condicións fixadas pola adopción implican que os animais adoptados deben ser identificados e que non poden ser dedicados á cría, o que reduce de xeito exponencial o número de animais perdidos e de camadas non desexadas

### Contribuír á concienciación do resto das persoas

Os feitos diarios e individuais de cada persoa son os que determinan os cambios reais na sociedade. A divulgación sobre a necesidade da adopción é igualmente un acto solidario e responsable

### Emendar o dano causado pola irresponsabilidade das persoas

A adopción permite emendar parcialmente o dano que causa a man irresponsable do ser humano. Os animais domésticos foron adaptados á vida con el e polo tanto hoxe dependen totalmente deste e das súas decisións

**A DECISIÓN ESTÁ NA TÚA MAN**

### DATOS DO CENTRO

Lugar de O Busto  
A Armenteira, 36637 Meis  
986 140 360

### SITUACIÓN DO CENTRO



ESTÁ NA TÚA MAN  
**ADOPTA**

CAMPAÑA CONTRA O  
ABANDONO DOS ANIMAIS

[www.caan.depo.es](http://www.caan.depo.es)  
Tel.: 986 140 360



## POR QUE ADOPTAR UN CAN ADULTO?

A adopción de cans adultos é unha opción moi beneficiosa e conta con moitas vantaxes:

Os cans adultos xeralmente teñen un carácter máis tranquilo que os cachorros, e son infrecuentes as súas condutas e xogos destrutivos con cousas e obxectos

Os cans adultos teñen uns hábitos hixiénicos aprendidos, non é preciso educalos para que realicen as súas necesidades no lugar desexado

O seu comportamento é máis predicible, polo que é máis sinxelo coñecer a súa conduta na vida diaria e na convivencia connosco

Os custos de atención dun can adulto son menores que os dun cachorro. O crecemento dun animal supón moitas necesidades que deben ser cubertas: alimentación específica, equipamento adaptado a cada fase de crecemento, revisións veterinarias máis frecuentes...



## A ADOPCIÓN TAMÉN ACHEGA BENEFICIOS ÁS PERSOAS, COMO:

### Incremento da felicidade das persoas propietarias

Todos os estudos científicos realizados neste sentido confirman que as persoas propietarias de animais de compañía teñen maior autoestima e perciben maior benestar psicolóxico, véndose reducido o estrés que padecen

### Mellora a saúde física das persoas propietarias

As actividades diarias ligadas á tenza dun can implican unha maior actividade física e unha consecuente mellora da saúde

### Fan compañía e dan alegría

As persoas que viven con animais séntense máis acompañadas e recoñecen que estes lles dan moitas das súas alegrías diarias

### Inflúen positivamente na educación das nosas fillas e fillos

A relación dos animais de compañía coas nosas fillas e fillos contribúe ao seu correcto desenvolvemento educativo e social, achegando tamén importantes valores na súa educación como a responsabilidade e a amizade

## SE ATOPO UN CAN QUE PODE ESTAR ABANDONADO ...

**PODES POÑERTE EN CONTACTO CO TEU CONCELLO, OU COA POLICÍA LOCAL OU CHAMAR AO 112**

Os CONCELLOS son os RESPONSABLES do benestar dos animais e da recollida dos que son abandonados no ámbito do seu territorio

Os CONCELLOS deben de contar cun centro de recollida de animais abandonados ou ben cun acordo ou convenio cun refuxio ou centro de recollida

**Se o animal está identificado correctamente** as autoridades contactarán coa persoa propietaria

**Se o animal non está identificado**, será considerado abandonado se no prazo de 20 días non é reclamado pola persoa propietaria

### LEMBRA ISTO:

TODOS os CANS teñen unha persoa PROPIETARIA... Pero non todas as persoas queren selo

## A DECISIÓN ESTÁ NA TÚA MAN